

27, 28 e 29 de maio

UNSER TÄGLICH BROT

O noso pan de cada día



Director: Nikolaus Geyrhalter

Intérpretes: Mathieu Amalric, Michael Lonsdale
Alemania, 2005 - 1 h 32 min (V.O.S en castelán)

Antes de chegar guisados aos nosos pratos, os polos padeceron un calvario xa desde o momento de saír do ovo; os polos de granxas industriais, claro, non os de caserío. E os porcos. E as tenreiras e as vacas. Unser täglich brot planta as seas cámaras nestas fábricas de alimentos, frias, asépticas, deshumanizadas. E en campos de cultivo alagados de pesticidas e máquinas indicibles. Son tan elocuentes as súas imaxes que Geyrhalter non necesita engadir unha soa palabra á súa exposición: nin diálogos nin banda sonora, unicamente os sons da crueldade na súa máis diáfana expresión. Un documental para estómagos fortes e, sobre todo, para consciencias durmidas que empecen a espertar a unha realidade horrible e, o que é peor, irreversible: quen pode deter iso? Fáltalle a poesía do sangue das bestas, de Georges Franju, pero é o seu equivalente aplicado ao noso tempo.

Jordi BATLE CAMINAL (Fotogramas***)

*VENRES DÍA 28: PARTICIPACIÓN DE CARMEN FREIRE SEC. NACIONAL DO SINDICATO LABREGO GALEGO.

colabora



HORARIOS: xoves, 20:15; venres, 20:15; sábado 17:15 e 20:15 h.

ENTRADAS: 3,00 €

(afiliados á CIG, carne xove, + 65 anos, desempregados, 2,00 €)

ABONO 5 PELÍCULAS: 12,00 €

SESIÓNS DO ESPECTADOR : sábados 17:15 h.

PRECIO ÚNICO 1,50 €

VENDA NA BILLETERIA: media hora antes de cada función.

VENDA ANTICIPADA: no ambigú, de luns a venres (de 10:30 a 13:30 e de 16:30 a 19:30 h.)

SALA MARILYN MONROE

SAINDO DA FÁBRICA

Neste III ciclo “Saíndo da Fabrica” abrimos cun clásico como é **Tempos Modernos** pero continuaremos cun pequeno xiro para percorrer o cinema documental onde os traballadores e traballadoras son protagonistas, plantexando unha serie de traballos que nos amosan alternativas, solidariedade obreira e miradas críticas do sistema capitalista, para que sirvan de reflexión e visualización de que existen alternativas reais a este sistema que nos oprime e nos deshumaniza, esperanza moi necesaria nestes momentos de crise.

Este ano seguiremos coas charlas-debate onde contaremos con protagonistas de conflitos como o de **Intelsa** ou o de **Sintel** ou a reflexión labrega da industrialización alimentaria para compartir experiencias e continuar analizando a nosa realidade.

Por outra parte e mantendo a nosa filosofía de participación, contaremos cun proxecto de solidariedade para crear un cinema en Hebrón (Palestina) para as mozas e mozos do casco vello da cidade.

Este proxecto construíremolo todas e todos os espectadores do ciclo, así converterémonos en pequenos transformadores da sociedade ao tempo que aplicamos a solidariedade obreira entre pobos.

ADOLFO NAYA

* TRAS OS PASES DAS 20.15 H. DOS VENRES HABERÁ CHARLAS CON DIFERENTES CONVIDADOS.

FORUM ETROPOLITANO



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

29, 30 de abril e 1 de maio

MODERN TIMES



Director: Charles Chaplin

Intérpretes: Charles Chaplin, Paulette Goddard
Estados Unidos, 1936 - 1 h 25 min - (V.O.S. en castelán)

TODOS OS PÚBLICOS

*Seguindo fiel ao cine mudo, cando o sonoro habíase imposto sen reservas, **Chaplin** introduciu unha soa secuencia cantada, que constitúe o momento máis divertido do filme. Propón unha visión satírica do mecanicismo industrial, que se combina cunha amarga visión da crise económica da época. É unha das obras mestras do seu autor; onde o perfecto acabado encerra unha lúcida reflexión sobre a historia inmediata.*

(FOTOGRAMAS ***)**

***VENRES DÍA 30:** PARTICIPACIÓN DE FERNANDO SOLLA, TÉCNICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORÁIS.

Numax Presenta... y Veinte Años no es Nada

dirixe: Joaquín Jordá



6, 7 e 8 de maio

NÚMAX PRESENTA

España, 1979 - 1 h 45 min - (V.O. en castelán)

***VENRES DÍA 7:** PARTICIPACIÓN DE XOSÉ MANUEL SANDE TRABALLADOR DO CGAL.

13, 14 e 15 de maio

VEINTE AÑOS NO ES NADA

España, 2005 - 1 h 58 min - (V.O. en castelán)

TODOS OS PÚBLICOS

***VENRES DÍA 14:** PARTICIPACIÓN DE ALFREDO BOCIJA EX-TRABALLADOR DE INTELSA.

20, 21 e 22 de maio

EL EFECTO IGUAZÚ



Director: Pere Joan Ventura

España, 2002 - 1 h 30 min - (V.O. en castelán)

TODOS OS PÚBLICOS

. Goya 2003 á Mellor Película Documental

Velaquí unha película de urxencia e, ao mesmo tempo, máis necesaria que o aire que respiramos. Por varias razóns: porque se trata da crónica do último gran conflito laboral, o que levaron a cabo, coa súa acampada no centro de Madrid de xaneiro a agosto do 2001, os obreiros de Sintel; pero, tamén, dun conflito de novo cuño (unha empresa boiante que, por artes pouco claras, termina na ruína, baleirada internamente de tecnoloxía e expectativas de mercado polos seus compradores; con afectados que xa non son obreiros clásicos; cunha mobilización que une vellos e novos métodos de loita); porque foi feita, montada e financiada desde as tripas, cun loable esforzo militante do que está exento o cálculo comercial. E porque, máis aló dos seus innegables valores éticos, é un espléndido documento que logra o que sempre busca un bo documental: a urxencia de algo que se descoñece na súa esencia íntima, a posta á luz dun suceso que ilumina, con forza e ata con rabia, aspectos da nosa vida cotiá que criamos libres de toda continxencia. O responsable de que exista este filme imprescindible é un realizador televisivo, Pere Joan Ventura, e unha xornalista que colaborou con el en moitas batallas, Georgina Cisuella; á súa coraxe debemos que, para a posteridade, quede un testemuño de días de solidariedade, de reivindicación, de esperanzas.

Mirito TORREIRO (Fotogramas*****)

***VENRES DÍA 21:** PARTICIPACIÓN DE EDUARDO CAAMAÑO, EX-TRABALLADOR DE SINTEL.